



Retraso en consultas de diferentes servizos sanitarios

Expediente: I.5.Q/3081/20

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

Estimada Sra. [REDACTED]

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente ao retraso nas consultas de varios servizos así coma o retraso na realización de diferentes probas complementarias na súa área sanitaria.

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que desde hai anos presenta moitos síntomas médicos sen que os seus facultativos do servizo público de saúde concluíran unha diagnose concreta recibindo por tal motivo asistencia psiquiátrica, finalmente un especialista privado estableceu a posibilidade de que padecera dunha grave enfermidade de neurona motora, solicitándose polo SERGAS en maio de 2020 unha cita no servizo de neuroloxía, de neurofisioloxía, a realización dun electromiograma e unha RNM.

Adxunta citacións para o 17 de setembro de 2020 no servizo de neuroloxía, o 16 de xullo de 2021 para a realización das devanditas probas complementarias e o 30 de xuño de 2021 no servizo de neurofisioloxía.

Por considerar que a súa enfermidade non admite estes prazos dirixiuse a esta institución o 4 de xuño de 2020.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información a Consellería de Sanidade. No informe achegado por dita consellería indícase esencialmente o seguinte:

“ En relación coa reclamación presentada por Dona ██████ ante o Valedor do Pobo infórmolle o seguinte:

En data 8 de xuño de 2020 a paciente foi citada para unha primeira consulta no Servizo de Neuroloxía do Hospital Universitario Lucus Augusti, tendo posteriormente unha consulta de revisión en data 10 de xullo de 2020 e programándose unha nova revisión para o día 9/10/2020.

En data 19 de xuño de 2020 foille realizada no Servizo de Neurofisioloxía do Hospital Universitario Lucus Augusti unha electromiografía.

Así mesmo na mesma data (19 de xuño) foille realiza Resonancia Nuclear Magnética neste Hospital.”

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa, da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer a seguinte consideración:

De acordo co artigo 5 da Lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias na fixación dos tempos de acceso ás diferentes prestacións sanitarias debe terse en conta a prioridade asignada polo facultativo responsable da atención.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo, facilitando as devanditas citas nun prazo razoable.

Ademais, lle comunicamos que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Por todo o sinalado ata agora, en principio non parece preciso continuar a investigación iniciada como consecuencia do seu escrito de queixa, e conclúese este expediente sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou circunstancias.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo